

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 26 de setembro de 2018 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18 convocados pola Orde do 27 de febreiro de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 15 de marzo).*

A Orde do 27 de febreiro de 2018 (DOG do 15 de marzo) pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18 establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicada a acta provisional coas cualificacións obtidas polos alumnos e alumnas, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18 e a correspondente proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, sobre a concesión destes premios,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de bacharelato, correspondentes ao curso 2017/18, ao alumnado que figura no anexo a esta orde.

Segundo. Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a súa publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO  
**Relación de premios extraordinarios de bacharelato correspondentes  
ao curso 2017/18**

Sol.	Apelidos e nome	Cod. centro	Centro estudos	Importe (€)
21563	Beloso Calvar, Ana María	36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	1.000
21919	Ben Arribí, Carlos	36006729	IES Valle-Inclán	1.000
22010	Carballal Barca, Ángela	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000
21903	Comesaña Cayetano, Hernán Miguel	36011567	IES Castelao	1.000
21502	Diz Ferreira, Eva	36010903	CPR Plurilingüe Apostol Santiago	1.000
22208	Fraga Cuña, Irene	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000
21653	Gavilán Suárez, Paula	15023302	IES Manuel Murguía	1.000
21659	González Santos, Alejandro	15014568	IES N° 1	1.000
21511	Lamas Fernández, Claudia	15026455	IES Terra de Trasancos	1.000
22184	López Vázquez de Parga, Pedro	32008604	CPR Plurilingüe Santa María	1.000
22330	Pavón Souto, Carmen	27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	1.000
21614	Paz Prieto, Hugo	15006791	IES Saturnino Montojo	1.000
21864	Pereira Angueira, Pablo	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000
22002	Pereira Chapela, Martín	36019463	IES Johan Carballeira	1.000
21584	Recouso Ferreiro, Alejandro	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	1.000
21524	Salvado Vigo, Enrique	15025712	IES Antonio Fraguas Fraguas	1.000
21878	San Martín Suárez, Lara	36006729	IES Valle-Inclán	1.000
21830	Sanjuán Casanova, Iria	15006742	IES Concepción Arenal	1.000
21880	Vidal Fernández, Pablo	36011181	CPR Plurilingüe Mariano	1.000
21532	Vidal Zhukova, Alexander	36018379	IES A Xunqueira II	1.000

CVE-DOG: evpnyqb0-adg3-hnw8-q1j8-hc87fkms95h4

